Manifesto por unha educación laica

A "*Aula Castelao de Filosofía*", unha asociación constituída por profesionais de distintas ramas do saber, que traballan nos eidos intelectual e docente por transformar Galiza nunha sociedade de cidadáns libres e solidarios, na festa da ensinanza, asina e dá a coñecer este manifesto reivindicativo.

Considerando:

Que o Estado, como reitoría política e xurídica da sociedade territorial, debe proporcionar aos cidadáns, que o integran, os medios materiais e culturais aos que eles teñen dereito.

Que as institucións relixiosas son entidades privadas, que teñen os seus propios regulamentos xurídicos, os seus propios credos e corpos doutrinais, os seus propios sistemas financeiros e os seus propios espacios, que en nada obrigan aos cidadáns.

Que os poderes relixiosos non teñen dereito nin a violentar o ordenamento xurídico do Estado para que se tipifique como delito as conductas que eles teñen cualificadas como pecado, nin a inxerir no sistema educativo para que inclúa a catequese no currículo escolar, nin a manipular o aparato propagandístico para se podan amosar símbolos confesionais nos lugares públicos, nin a posuír espacios de culto dentro dos edificios da Administración do Estado.

En consecuencia esiximos:

1. Ás autoridades estatais, responsables do poder globalitario, que non mesturen crenzas relixiosas, e por ende privadas e confesionais, con dereitos civís, isto é, públicos e universais.
2. Ás autoridades relixiosas que non se constitúan en grupos de poder, coactivamente externos á súa confesión, coa finalidade de forzar aos gobernos para que mesturen e confundan os dereitos do Estado, comúns e públicos, cos seus intereses particulares e privados.
3. Que o currículo escolar do sistema educativo estea integrado exclusivamente, na parte correspondente á formación intelectual, por contidos avalados obxectivamente, e na parte referente á socialización, por valores universais que o enraícen no medio e contribúan a construír unha sociedade mundial de pobos e cidadáns iguais e libres.
4. Que a ensinanza da relixión sexa eliminada do currículo escolar.
5. Que a Facenda Pública se desvencelle da xestión e fornecemento de medios financeiros ás institucións relixiosas.
6. Que se derrogue inmediatamente o Concordato de 1979 entre o Estado español e o Estado Vaticano.

NOME E APELIDOS	DOCUMENTO DE IDENTIDADE	SINATURA

Este comunicado foi aprobado por aclamación en Pontevedra, o día 27 de xaneiro do ano 2005, na clausura das xornadas "*Educación e Cidadanía"*, organizadas pola Universidade de Vigo e a Aula Castelao de Filosofía, co gallo da Festa da Ensinanza, que se vén celebrando baixo a protección totémica de Tomé de Aquino.

A Aula Castelao de Filosofía somete este Manifesto á adhesión dos congresistas da XXII Semana Galega de Filosofía e da sociedade galega, para o que **solicita a vosa sinatura**.

Enviar antes do 30 de abril por correo a:
Aula Castelao de Filosofía - Apdo. Correos 332, 36080 Pontevedra